

Carta da dirección

Estimados pais e nais:

Un ano máis temos o gusto de contarlles o que no día a día, no percorrido do curso 2007-2008, xuntamente cos seus fillos e fillas, estivemos a facer. Para iso agasallámoslos con esta pequena revista Lirio do Xurés, na cal poden

informarse das principais actividades que os seus fillos e fillas xunto coas profesoras e cos profesores desenvolveron ó longo do curso e que esperamos que sexan do seu agrado e sirva para ledicia de todos vostedes.



E para o ano, máis

Xa están a ferver as cabezas para planear actividades novedosas de cara ó curso que vén.

Xa estamos a pensar en novas ideas. Ademais de dinamizar a páxina web para que poidan participar desde as casas, entre as intencións para o vindeiro ano está tamén de darlle máis uso á biblioteca, así como potenciar máis o deporte escolar.

Por suposto, calquera idea é benvida, e sempre estamos

abertos a que desde as casas nos fagan propostas e nos axuden así a facer máis enriquecedoras as experiencias educativas dos seus fillos.

O equipo docente agradece a todos os que colaboran coa nosa labor e queremos animar a seguir nesa liña, xa que o resultado é moito mellor para todos.

Contidos

Actividades do colexio

Traballos dos alumnos

Volve a funcionar a páxina web

O traballo de alumnos e profesores fíxoo posible.

Neste curso volveuse poñer en marcha a páxina web do colexio, na que calquera que o desexe pode consultar moitas das actividades que se fan no centro. Tanto resumos das que xa se fixeron como anuncios sobre as que están por vir.

Existe tamén a sección do xornal, na que se pode consultar este a cores, que sempre queda máis bonito.

Outra sección indica, mediante mapas, a situación do colexio no seu entorno.

Así mesmo, aínda que este ano soamente se fixo coas actividades da semana solidaria, imos ir publicando algunhas actividades interactivas de maneira que nas casas, as familias poidan traballar coas alumnas e os alumnos se así o desexan.

Para acceder á web, non teñen máis que teclear: "centros.edu.xunta.es/ceipdoxures"